

## **CRITERIOS DE VALIDACIÓN DOS PLANS DE ESTUDOS DE ALUMNOS DO GRAO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO GRAO EN CREACIÓN DIXITAL, ANIMACIÓN E VIDEOXOGOS DA UDC EN MOBILIDADE**

Segundo os artigos 13.1 e 13.2 do Regulamento de Mobilidade Internacional e o artigo 6 da convocatoria de Mobilidade Internacional da UDC, a Comisión Docente da Facultade de Ciencias da Comunicación aprobou os seguintes criterios internos sobre a mobilidade internacional dos seus alumnos na reunión do 24 de xaneiro de 2013:

- a) O proxecto fin de grao non pode ser validado, polo que non poderá formar parte do plan de estudos do alumno en mobilidade.
- b) No proceso de selección valorárase como “outros méritos” os certificados de coñecemento de idiomas e cursos sobre comunicación audiovisual ou creación dixital, animación e videoxogos, que presente o estudante segundo o seu grao de orixe. A devandita valoración contará como un 5% da puntuación total obtida para o proceso de selección.
- c) Aos alumnos que participen no programa Erasmus+ Prácticas poderáselle validar ese período de prácticas polos 6 créditos ECTS de cuarto curso contemplados no plan de estudos do Grao en Comunicación Audiovisual ou de 9 créditos ECTS fixados no Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos.
- d) No caso de que o prazo para entregaren a documentación da solicitude de mobilidade finalice antes do peche das actas do primeiro cuadrimestre, actualizaranse as medias do expediente académico durante o proceso de selección para que os posibles alumnos de primeiro solicitantes poidan contar con ese dato.
- e) O número de créditos máximo que poderá validar o alumno en mobilidade é de 30 para estadias cuadrimestrais e 60 para anuais.
- f) Dado que ás veces é difícil acadar o recoñecemento do mesmo número de ECTS, acéptanse validacións nas que haxa un 5% de diferenza (57 por 60 ECTS por exemplo).
- g) Os criterios da comisión para aprobar os plans de estudo son que nos casos de que nos centros de destino non se oferten materias equivalentes en contido, validaránse créditos de materias de comunicación audiovisual ou de creación dixital, animación e videoxogos segundo o seu grao de orixe, sempre que non foran cursados previamente ou se vaian cursar en anos sucesivos.
- h) As competencias impartidas naquelas materias que sexan convalidadas poden ser requiridas en asignaturas que se estudien en vindeiros cursos.
- i) Ante a ausencia dunha táboa conxunta da UDC, a conversión das cualificacións farase en función de diferentes táboas aprobadas por outras universidades españolas.

\*Aprobado pola Comisión Docente e de Avaliación Académica do centro na súa sesión do 13 de novembro de 2014 e revisado pola mesma Comisión na sesión do 16 de decembro de 2019.